

Que é un e-reader?

Trátase dun dispositivo electrónico que permite cargar e ler libros con tan só un clic.

O modelo que poñemos á túa disposición é o [Kindle de Amazon](#), de manexo sinxelo e tinta electrónica, o que permite unha lectura fácil que non cansa a vista



NORMAS DE PRÉSTAMO

O préstamo dos e-readers comezará nunha primeira fase cos membros do clube de lectura.

Deberá solicitarse o préstamo á titora, cumprimentando un impreso que deberá ser asinado, antes da entrega do libro, polo pai/nai/titor-a legal do neno/a, aceptando as normas e o compromiso de reposición en caso de deterioro.

PRAZO DE PRÉSTAMO: Nesta primeira fase do préstamo dos dispositivos, só se realizará préstamo de fin de semana. Poderase leva o libro o venres e devólvelo o luns ao centro.



RESPONSABILIDADES

Cando levas o [Kindle](#) en préstamo, ti es o responsable do seu uso. **COÍDAO BEN!**, Ten especial coidado coa pantalla. Non podes modificar a configuración do aparato nin descargar libros pola túa conta.

O libro préstase cunha caixa e un cable USB que permitirá cargar a batería conectándoo a un ordenador no momento en que se detecte que está baixa.

Débese devolver o dispositivo e os seus accesorios (caixa e cable USB) nas mesmas condicións en que se levou.

Calquera dano no aparato ou fallos de funcionamento que se detecten hai que comunicalo inmediatamente ao profesorado responsable

INCUMPRIMENTO DAS NORMAS

Por día de retraso na devolución do dispositivo, unha semana de suspensión do servizo de préstamo.

Por alteración da configuración, destrución ou deterioro irreparable do dispositivo, terase que repoiñer por outro das mesmas características, ou ben aboar a reparación.



Normas de uso dos lectores electrónicos



CEIP A GÁNDARA

Avd. M^a PAZ DE TOR S/N

Monforte de Lemos (Lugo)

www.edu.xunta.es/centros/ceipagandara

www.gandaralemos.blogspot.com

Uso dos controis

Só precisas coñecer algún sinxelos controis para navegar polo teu Kindle, e leer libros, revistas e xornais.

Nos laterais da pantalla atoparás os botón de Páxina seguinte e Páxina anterior.

Ámbolos dous botóns se atopan en cada lado de forma que podes soste o teu Kindle con calquera das dúas mans mentras estás lendo.

O teu Kindle dispón dun porto micro USB e dos seguintes botóns:

- ✚ **Botón Atrás:** Utiliza este botón para volver sobre os teus pasos.
- ✚ **Botón teclado:** Ao pulsar este botón aparece un teclado en pantalla.
- ✚ **Controlador de 5 posicións:** o controlador de 5 posicións é unha ferramenta versátil que permite realizar rápidamente tarefas habituais no teu Kindle.
- ✚ **Botón Menú:** este botón mostra un menú de opcións
- ✚ **Botón Inicio:** este botón te leva á pantalla de inicio, onde atoparás unha lista de libros e contidos gardados no teu Kindle.
- ✚ **Botón de encendido**

